



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 12 DE MAIO DE 2026

**EXPEDIENTE:** 2026/G010/000004

Visto que se ten ultimado a tramitación do expediente para proceder á aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior- Unidade de Actuación, núm. 8, conforme á documentación denominada/titulada “*PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.A. Nº 8 CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA*”.

Visto que o citado plan debe ser aprobado definitivamente antes do día 19/05/2026, xa que o mesmo quedou sometido ao procedemento de avaliación estratéxica simplificada, estándose neste momento no prazo de prórroga da vixencia do informe ambiental estratéxico, o cal perderá a súa vixencia na citada data, tal e como establece/estableceu o acordo da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, cuxa parte resolutiva di: “*Prorrogar por un prazo máximo de dous anos a vixencia do informe ambiental estratéxico relativo ao “Plan especial de reforma interior da unidade de actuación UA-8”, no concello de Malpica de Bergantiños. Este prazo empezará a contar o 19 de maio de 2024.*”

*No caso de que perda vixencia o informe ambiental estratéxico polo transcurso da prórroga, o promotor deberá iniciar novamente a avaliación ambiental estratéxica (artigo 35.2, letra c, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro)”.*

Visto que se ten ditaminado favorablemente, no día de hoxe, pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a aprobación definitiva do citado plan especial, e que corresponde ao pleno, de conformidade co art.22.2 letra c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do correspondente acordo en relación a este asunto.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos, o establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no acordo plenario, adoptado na sesión extraordinaria celebrada 13/07/2023, é polo que, en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

**Primeiro.-** Convocar sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 12 de maio de 2026 (martes), ás 19:30 horas,** coa seguinte orde do día:

**Único.** Aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior- Unidade de Actuación, núm. 8, conforme á documentación denominada/titulada “*PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.A. Nº 8 CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA*”.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde Eduardo J. Praga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

CVD: 7H0xdI6Yl23NA/IJaUlc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.malpicadebergantinos.es/>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es/> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).